



Características de Ubuntu Server

- **Ubuntu Server Edition** é a versión de Ubuntu deseñada de xeito específico para instalar nun servidor e prestar servizos a clientes a través da rede.
- Non está polo tanto pensado en absoluto para ser usado nun equipo de escritorio, e proba delo é que por defecto non instala ningún contorno gráfico, navegador, aplicación ofimática, etc., xa que a idea é que instalemos exclusivamente o software necesario para prestar os servizos na rede, e omitir todo o demais. Desta maneira aumentaremos a seguridade do servidor e optimizaremos o uso de recursos do mesmo.
- Como requirimentos de hardware, a versión 9.10 require un mínimo de 192 MB de memoria RAM e 1 GB de disco, aínda que dependendo do uso que vaíamos dar o servidor incluso podería utilizar menos recursos que estes.
- Si ofrece, xa na instalación e mediante a descarga de paquetes de Internet, unha gran cantidade de software para a instalación de servizos en rede, como servidor web, servidores de base de datos, servidores de e-mail, servidores de ficheiros, firewall, etc.



Integración de mecanismos de autentificación en Ubuntu Server



Esquema do servizo de correo en Ubuntu Server

- Algunhas das características máis interesantes da distribución son:
 - ◆ **Mecanismos de autentificación:** Ofrece ferramentas para integrar de forma sinxela un servidor nun **Active Directory** e para autentificar distintos tipos de clientes contra este servidor.
 - ◆ **Servidor de ficheiros e impresión:** Integra os paquetes de **samba** e **cups** para poder compartir datos e recursos cos equipos do dominio.
 - ◆ **Servidor de correo:** Integra os paquetes **postfix** (para envío de correo) e **dovecot** (para a descarga do correo) para configurar de forma rápida un servizo de correo electrónico. Con **ClamAV** (antivirus) e **SpamAssassin** (antispam) para dotar de maior seguridade ao servizo de correo.
 - ◆ **Servizos de infraestrutura da rede:** Servidor de **DNS**, **DHCP**, implementación de **VPNs** con **OpenVPN**, ferramentas de copia de seguridade, etc.
 - ◆ **Seguridade:** Por defecto Ubuntu Server non ten portos abertos, e non inclúe o servidor X nin ferramentas gráficas, o que dota ao sistema dun alto nivel de seguridade. A ferramenta **ufw** (*Uncomplicated Firewall*) permite abrir e pechar portos de forma sinxela con comandos.
 - ◆ **Servidor de aplicacións web:** Sobre o servidor web **apache**, Ubuntu Server soporta as linguaxes PHP, Perl, Java, Ruby e Python, e os xestores de base de datos **MySQL**, **Postgresql**, **DB2** e **Oracle**.